


clasclás

IX FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLÁSICA

VILAGARCÍA DE AROUSA

[RIAS BAIXAS · GALICIA · SPAIN]

20-27 XUÑO 2026



paixón

clasclás

IX FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLÁSICA

VILAGARCÍA DE AROUSA

[RIAS BAIXAS • GALICIA • SPAIN]

20-27 XUNO 2026

paixón

Déixate levar pola paixón

Presidente :: Alberto Varela Paz, Alcalde-Presidente de Vilagarcía de Arousa

Vicepresidenta executiva primeira :: Paola María Mochales, concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Educación

Vicepresidenta segunda :: Sonia Outón Casal, concelleira de Cultura, Normalización Lingüística e Persoal

Dirección :: Rosina Sobrido Fernández e Vladimira Smausová

Orquestra residente :: Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG)
Juan Antonio Cuéllar Sáenz, xerente

Realización audiovisual concerto de clausura :: Juan Francisco Salgado

Coordinación e produción artística :: Marta Barrecheguren Fernández

Coordinación do programa social e comunitario :: María Galbán Zaragoza

Auxiliar Administrativa :: María del Carmen Martínez Pérez

Produción técnica :: Departamentos de Electricidade, Obras e Xardíns do Concello de Vilagarcía de Arousa

Imaxe, RRSS, foto e vídeo :: Cristina Durán Recuna

Comunicación :: DaCapo al fine. Julio Alonso, director

Venda de entradas :: Ataquilla.com

Deseño :: Dito&Feito Comunicación

Impresión :: Baños Print

Depósito Legal :: PO 308-2026

Como Alcalde de Vilagarcía de Arousa, é para min un orgullo darvos a benvida á **IX edición do Clasclás**, un festival que en 2026 acada a súa madurez consolidándose como unha das citas culturais máis ambiciosas e singulares do Noroeste peninsular. Baixo o lema **PAIXÓN**, esta edición convidanos a realizar unha viaxe emocional que percorre desde a espiritualidade máis profunda do Barroco ata a fascinación científica polas estrelas.

O Clasclás non é un festival de música clásica ao uso; é un proxecto de cidade que transforma a nosa xeografía nun «**auditorio expandido**». Desde o Auditorio Municipal ata o intimismo pétreo da Igrexa de Vista Alegre, pasando pola nobreza do Pazo da Gorpelleira e a memoria viva do Salón García, Vilagarcía convértese nun escenario onde o patrimonio e a arte se dan a man, fitos estratéxicos da marca VGA365.

Quero destacar de xeito moi especial o privilexio que supón contar nesta edición coa residencia da **Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG)**. A súa presenza é o motor que vertebra esta edición a través de dous fitos monumentais: o **Gran Concerto Inaugural**, onde nos mergullaremos na humanidade desgarradora da *Paixón segundo san Xoán* de Bach, e o **Concerto de Clausura**, un proxecto inmersivo sen precedentes onde a música da OSG se fundirá coa vangarda tecnolóxica e visual do astrónomo José Francisco Salgado, para conmemorar o eclipse solar

de 2026. Esta aposta pola innovación demostra que o Clasclás é un festival vivo, capaz de dialogar coa ciencia e de atraer a novos públicos cara á excelencia.

Pero a excelencia do Clasclás non reside só no virtuosismo das figuras nacionais e internacionais que nos acompañan nesta edición; a verdadeira alma do festival latea no seu **compromiso social**, coa nosa xornada dedicada ás 19 asociacións sociosanitarias da contorna, e no seu **programa pedagóxico e a pé de rúa**, que converten o noso Conservatorio nun centro mellora continua do alumnado.

Como alcalde é unha honra convidar a veciños, visitantes e amantes da música a deixarse levar por esta PAIXÓN, a habitar as nosas rúas e a desfrutar dun festival que, partindo do corazón da nosa vila, mira con ambición cara ao infinito. O meu agradecemento a todos os músicos, patrocinadores, institucións e, por suposto, ao equipo organizador que fai posible este milagre anual. Gozade de cada nota, de cada espazo e da paixón que percorre esta novena edición. Vilagarcía agarda por vos coa mellor das súas partituras.



Vémonos nos concertos.

Alberto Varela Paz
[Alcalde de Vilagarcía de Arousa]



20/06 21h
AUDITORIO MUNICIPAL

ORQUESTRA E CORO DA SINFÓNICA DE GALICIA

A PAIXÓN ESPIRITUAL

- ▶ **Jone Martínez** (soprano)
- ▶ **Juan Sancho** (tenor / Evanxelista)
- ▶ **Josep Ramón Olivé** (barítono)
- ▶ **José Coca** (baixo / Xesús)

- ▶ **Javier Fajardo**, director do coro
- ▶ **Carlos Mena**, alto e dirección

PROGRAMA

Johann Sebastian Bach (1685-1750)
Paixón segundo san Xoán, BWV 245

- **Sobre o programa** :: A interpretación desta monumental obra de J. S. Bach inaugura o festival cunha demostración de forza espiritual e técnica, unindo por vez primeira na nosa vila a orquestra e o coro da OSG. *A Paixón segundo san Xoán* é unha das cimas da música occidental. Composta para o Venres Santo de 1724, é un vibrante drama sacro baseado nos capítulos 18 e 19 do Evanxeo segundo san Xoán, que narran os acontecementos da detención, xuízo, crucifixión e morte de Xesús. A través do diálogo entre orquestra, coro e solistas, Bach debuxa un fresco universal sobre o sufrimento, a compaixón e a fragilidade humana cunha arquitectura musical perfecta. Para esta ocasión e co elenco de recoñecidos solistas está garantida unha lectura inesquecible.

- **A Orquestra Sinfónica de Galicia** :: Creada en 1992 polo Concello da Coruña, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España e un referente internacional. Ao longo da súa traxectoria, a OSG actuou nas mellores salas de España e realizou xiras por Alemaña, Austria, América do Sur, Viena, Emiratos Árabes e recentemente por Reino Unido. Colaborou cos solistas e directores máis prestixiosos do mundo (como Anne-Sophie Mutter, Maurizio Pollini ou Gustavo Dudamel) e conta cunha extensa discografía con selos como Deutsche Grammophon e Sony. Ademais do seu prestixio nos escenarios, a OSG é unha potencia dixital: a súa canle de YouTube é a máis vista do sector en España, con millóns de visualizacións en todo o mundo. Foi distinguida coa Medalla de Ouro da Real Academia Galega de Belas Artes e o Premio Cultura Galega da Música.

- **O Coro da OSG** :: Fundado en 1998, está integrado por máis de setenta voces de toda Galicia. Baixo a dirección artística de **Carlos Mena** e a dirección musical de **Javier Fajardo**, a formación destaca pola súa versatilidade no repertorio sinfónico-coral, operístico e *a cappella*. Actuou nos principais escenarios de España e Portugal, colaborando con mestres da talla de Lorin Maazel, Alberto Zedda ou Víctor Pablo Pérez.

- **Carlos Mena (alto e dirección)** :: Nado en Vitoria-Gasteiz e formado na prestixiosa **Schola Cantorum Basiliensis** de Suíza, é unha das figuras máis respectadas da música antiga e contemporánea. Como contrateno, actuou nos escenarios máis emblemáticos do mundo –desde o Musikverein de Viena ata o Carnegie Hall de Nova York– baixo a dirección de mestres como **Gustav Leonhardt** ou **Andrea Marcon**. A súa discografía supera os 50 títulos, premiados con galardóns como o Diapason d'Or. Na súa faceta como director, lidera o **Coro da OSG** e dirixe regularmente a Orquestra de RTVE ou a Sinfónica de Bilbao. É membro do xurado dos **Premios Princesa de Asturias das Artes**.



21/06 21h
SALÓN GARCÍA

BAMBÚ ENSEMBLE

- ▶ Violíns:
Samuel García,
David García,
Marina Arrufat
e David López
- ▶ Violas:
Paloma
Cueto-Felgueroso
e Samuel Espinosa
- ▶ Violonchelos:
Irma Bau
e Ariadna Chmelik

PAIXÓN E XUVENTUDE

PROGRAMA

Reinhold Glière (1875-1956)

Octeto para cordas en re maior, op. 5

- I. Allegro
- II. Scherzo (Allegro)
- III. Andante
- IV. Finale (Allegro vivace)

Dimitri Shostakovich (1906-1975)

Dúas pezas para octeto de cordas, op. 11

- I. Preludio (Adagio)
- II. Scherzo (Allegro molto)

Javier Martínez Campos (1989)

Serenata de cordas

■ **Sobre o programa** :: No marco excepcional da **Festa da Música**, o Clasclás presenta unha das propostas máis ambiciosas e vibrantes da súa programación: o concerto do **Bambú Ensemble**. Esta formación, consolidada como unha das agrupacións de arco máis dinámicas e rigorosas da actualidade, ofrece un programa de octeto de cordas deseñado para servir de ponte emocional e estética entre a tradición máis refinada e a modernidade máis audaz. O concerto non só destaca pola forza sonora que permite esta formación, senón polo virtuosismo dunha escolma de obras que esixen dos seus oito intérpretes o máximo compromiso técnico, unha compenetración absoluta e unha expresividade desbordante. O percorrido musical da velada viaxa dende o lirismo apaixonado e as densas texturas posrománticas do *Octeto para cordas en re maior, op. 5* de Reinhold Glière, unha peza de beleza arquitectónica e harmonías envolventes, ata a enerxía impetuosa e a audacia técnica das *Dúas pezas para octeto de cordas, op. 11* de Dimitri Shostakovich, obra xuvenil de asombrosa madurez que amosa o xenio temperán do compositor ruso. Como mostra indubidable do compromiso do Clasclás coa creación viva e o apoio aos novos creadores, o conxunto interpretará tamén a *Serenata para cordas* de Javier Martínez Campos. Esta obra contemporánea achega unha linguaxe fresca, actual e necesaria ao repertorio do festival, dialogando de igual a igual cos clásicos do programa.

■ **Sobre o Bambú Ensemble** :: Ostenta o orgullo de ser o único octeto de cordas estable no panorama musical español. A súa xénese sitúase en 2014, no seo da **Joven Orquesta Nacional de España (JONDE)** e na **Joven Orquesta de la Unión Europea (EUYO)**, un ADN de excelencia que marca a súa traxectoria. Tras o seu exitoso debut no Auditorio Nacional de Música de Madrid e na Fundación Juan March, o seu prestixio non deixou de medrar, colaborando de xeito habitual con RTVE e co Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM). A súa proxección internacional e nacional levounos a escenarios de referencia como o Festival de Grafenegg en Austria ou o Priorato Le Mesnil-Saint Martin en Francia, amais de ciclos de renome como os Martes Musicales da Fundación Vital e o proxecto MusaE. A súa presenza en Vilagarcía de Arousa baixo a marca **VGA365** reforza a vocación do Clasclás por ofrecer música de cámara do máis alto nivel, convertendo esta Festa da Música nun fito de referencia para todo o Eje Atlántico. Unha cita imprescindible para os que buscan descubrir a música clásica na súa forma máis pura e enérxica.



22/06 21h
AUDITORIO MUNICIPAL

THE NEW BACH TRIO

- ▶ Claudio Constantini, bandoneón
- ▶ Miriam Hontana, violín e viola
- ▶ Ismael Campanero, contrabaixo

DE LEIPZIG A BOS AIRES

PROGRAMA

I

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Fantasia cromática e fuga en re menor, BWV 903

Air, da *Suite orquestral en re maior*, BWV 1068

Alessandro Marcello (1673-1747)

Concerto para oboe en re menor (arranxo para trío)

I. Andante • II. Adagio • III. Presto

II

Claudio Constantini (1983)

Tango suite, para bandoneón, violín e contrabaixo (estrea absoluta)

Astor Piazzolla (1921-1992)

Adiós Nonino

Historia do tango

I. Bordel 1900 • II. Café 1930 • III. Nightclub 1960

■ **Sobre o concerto** :: O Clasclás 2026 presenta en **The New Bach Trio** unha simbiose fascinante onde o rigor barroco se funde coa linguaxe visceral do tango. Esta proposta artículase a través dunha sonoridade inédita liderada polo **bandoneón**, un instrumento de historia singular: nado en Alemaña arredor de 1840 como un «órgano de mans» para a música sacra, acabou cruzando o océano para converterse na voz definitiva do profano e da noite. A velada comeza na arquitectura perfecta de **Johann Sebastian Bach**. A *Fantasia cromática e fuga* e a célebre *Air* serven como base de pureza estrutural, unha solidez que se complementa co lirismo melancólico do concerto de **Alessandro Marcello**. O punto de xiro e eixo central do concerto será a **estrea absoluta da *Tango suite***, unha obra de **Claudio Constantini** composta especificamente para esta formación, que actúa como espello contemporáneo dos clásicos. A viaxe culminará no universo de **Astor Piazzolla** con pezas icónicas como *Adiós Nonino* ou a suite *Historia do tango*, onde o trío eleva o xénero á súa máxima expresión de cámara, dotándoo dunha nova e abraiante dimensión de concerto.

■ **Claudio Constantini (bandoneón)** :: Encarna como poucos a dualidade e o contraste, eixes fundamentais desta edición do festival. O seu proxecto é un diálogo entre dous mundos: a claridade do piano e a voz emocional do bandoneón. Nesta eclipse sonora, Constantini móvese con total elegancia entre o rigor de Bach e a paixón do tango, amosando que a música non entende de fronteiras, senón de sensibilidades compartidas.

■ **Miriam Hontana (violín e viola)** :: Unha das violinistas máis deslumbrantes da súa xeración, capaz de unir a precisión técnica cunha fonda formación en interpretación histórica. Fundadora do grupo OBNI e colaboradora de formacións de prestixio como o Ensemble Jupiter, Hontana trae ao Clasclás unha sonoridade vibrante e auténtica, rescatando a enerxía do barroco para proxectala con frescura cara ao presente.

■ **Ismael Campanero (contrabaixo)** :: Figura innovadora da música antiga europea, Campanero une o rigor histórico coa liberdade da improvisación e o jazz. Rescatou o violone como instrumento solista, dándolle un novo protagonismo. No Clasclás 2026, a súa presenza simboliza a exploración das raíces da paixón musical, transformando o latexo do baixo continuo nunha liña melódica chea de luz e virtuosismo feroz.



24/06 12h
IGREXA DE VISTALEGRE
M A T I N É E

THE TERRA STRING QUARTET & OSKAR ESPINA RUIZ

- ▶ Harriet Langley e Amelia Dietrich, violíns
- ▶ Chih-Ta Chen, viola
- ▶ Audrey Chen, violonchelo
- ▶ Oskar Espina Ruiz, clarinete

A CLARIDADE DO CLASICISMO

PROGRAMA

I

Franz Schubert (1797-1828)

Cuarteto para cordas n.º 12 'Quartettsatz', D 703

Seth Grosshandler (1958)

Danzas para cuarteto de corda

- I. Prelude
- II. Passacaglia
- III. Corrente
- IV. Minuet
- V. Rigaudon

Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)

Quinteto para clarinete en la maior 'Stadler', KV 581

- I. Allegro
- II. Larghetto
- III. Menuetto – Trío I – Trío II
- IV. Allegretto con variazioni

■ **Sobre o programa** :: Esta sesión constitúe unha viaxe a través da pureza das formas e a luminosidade do clasicismo, explorando a evolución do diálogo entre a corda e o vento. O programa ábrese co *Quartettsatz* de Franz Schubert, unha peza de dramatismo concentrado e unha forza emocional desbordante que, a pesar da súa brevidade, prefigura a intensidade do romanticismo máis maduro. A modernidade e o aire fresco chegan da man das *Danzas* de Seth Grosshandler, unha obra contemporánea que recupera a vitalidade rítmica e a celebración do movemento, servindo de ponte perfecta entre a tradición europea e as correntes actuais. O cumio do recital chegará coa interpretación dunha das partituras máis fermosas xamais escritas: o *Quinteto para clarinete*, KV 581, coñecido como *Stadler*, de **Wolfgang Amadeus Mozart**. Composta nun momento de graza absoluta, esta obra é un testemuño de amizade e perfección técnica, onde o clarinete de **Oskar Espina Ruiz** fúndese coas texturas do **Terra String Quartet** nun estado de serenidade e beleza inigualables. Unha obra que non só se escoita, senón que se habita, pechando a velada cunha sensación de harmonía universal.

■ **The Terra String Quartet** :: chega ao Clasclás consolidado como unha das formacións máis brillantes do panorama internacional. Laureados nos tres certames de cámara máis esixentes do mundo –**Osaka** (Xapón), **Bordeos** (Francia) e o **Wigmore Hall** (Londres)–, a súa excelencia levounos a ser o cuarteto residente na prestixiosa Yale School of Music (EE. UU.). Este recoñecemento sitúaos na elite da interpretación actual, destacando pola súa madurez e frescura interpretativa. O cuarteto está composto por Harriet Langley e Amelia Dietrich (violíns), Chih-Ta Chen (viola) e Audrey Chen (violonchelo). Xunto a eles, o clarinetista **Oskar Espina Ruiz**, mestre na técnica e na elegancia sonora, actuará como eixe vertebrador desta xornada dedicada á evolución da linguaxe camerística.



24/06 21h
PAZO DA GOLPELEIRA

THE TERRA STRING QUARTET & OSKAR ESPINA RUIZ

▶ Harriet Langley
e Amelia Dietrich,
violíns

▶ Chih-Ta Chen,
viola

▶ Audrey Chen,
violonchelo

▶ Oskar Espina Ruiz,
clarinete

O ATARDECER DOS XENIOS

PROGRAMA

Félix Mendelssohn- Bartholdy (1809-1847)

Cuarteto para cordas n.º 6, op. 80

- I. Allegro vivace assai
- II. Allegro assai
- III. Adagio
- IV. Finale: Allegro molto

Johannes Brahms (1833-1897)

Quinteto para clarinete e cordas, op. 115

- I. Allegro vivace assai
- II. Adagio
- III. Andantino - Presto non assai, ma con sentimento
- IV. Con moto (Tema con variazioni)

■ **Sobre o programa** :: Esta sesión propón unha viaxe polas emocións máis profundas e crepusculares da gran tradición musical alemá, explorando como os xenios se confrontan á perda e á despedida a través da arte. O concerto iníciase coa intensidade volcánica do *Cuarteto n.º 6*, op. 80 de Felix Mendelssohn-Bartholdy. Esta obra, escrita poucos meses antes de morrer, é un berro de dor e unha homenaxe desgarradora á súa irmá Fanny; nela, o Mendelssohn máis luminoso deixa paso a unha forza escura e febril que sacude os cimentos do cuarteto de cordas tradicional. Como contrapunto a este drama, o programa culmina coa serenidade do *Quinteto para clarinete*, op. 115 de Johannes Brahms. Esta partitura naceu dun milagre artístico: un Brahms xa retirado que, fascinado pola calidez do son do clarinete, decidiu retomar a pluma para escribir o que hoxe se considera o testamento musical do romanticismo. A obra é un diálogo crepuscular onde o clarinete, fundido na textura íntima das cordas, evoca unha nostalgia chea de paz e unha transcendencia espiritual que abraza ao oínte dende a primeira nota. Unha experiencia de escoita necesaria para entender a capacidade da música como refuxio e consolo ante o inexorable paso do tempo.

■ **The Terra String Quartet** é un novo conxunto de gran talento con sede na cidade de Nova York. A súa lista de galardóns en concursos internacionais é impresionante: en 2025 foi gañador do Concurso Internacional de Música de Cámara Naumburg (EE.UU.), Boreos (Francia) e Wigmore Hall (Reino Unido). Tamén foron galardoados nos concursos internacionais de Melbourne (Australia), Osaka (Xapón), Fischhoff (EE.UU.) e Banff (Canadá). Os membros deste brillante cuarteto de corda formáronse na Juilliard School, New England Conservatory, Universidade de Harvard e Curtis Institute of Music. Recoñecidos polas súas elocuentes interpretacións do repertorio clásico, a súa integridade artística e o seu amplo repertorio, o cuarteto Terra dedícase a fomentar a conexión humana a través dos seus concertos e da súa pedagogía.

■ **Oskar Espina Ruiz**, clarinetista bilbaíno afincado nos EE.UU., foi eloxiado polo seu «virtuosismo maxistral» (*El Nuevo Día*, Porto Rico) e a súa «facilidade rapsódica» (*The Millbrook Independent*). É director artístico do **Music Mountain Festival**, nos arredores de Nova York, e profesor de clarinete na Escola de Belas Artes da **Universidade de Carolina do Norte**. Actuou co cuarteto Terra no Music Mountain Festival, Treetops Chamber Music Society, American Music Festival e Chamber Music Wilmington.



25/06 21h
SALÓN GARCÍA
M A T I N É E

ÁLVARO TOSCANO [GUITARRA]

CLAROSCUROS

PROGRAMA

Heitor Villa-Lobos (1887-1959)

Suite popular brasileira

Mazurka-Choro | Valsa-Choro

Federico Moreno Torroba (1891-1982)

Pièces caractéristiques

I. Preámbulo | II. Oliveras | III. Melodía
IV. Los mayos | V. Albada | VI. Panorama

Francisco Tárrega (1852-1909)

Capricho árabe

Tres mazurkas (Adelita, Marieta, Mazurka en sol)

Manuel M. Ponce (1882-1948)

Sonata romántica

I. Allegro Moderato | II. Andante espressivo
III. Allegretto vivo | IV. Allegro non troppo serio

■ **Sobre o programa** :: Este concerto ofrécenos unha fascinante viaxe pola idade de ouro da guitarra clásica, unindo as costas de España e América Latina a través de compositores que capturaron a esencia das súas raíces e a elevaron ao máis alto nivel de sofisticación académica. Comezamos coa *Suite popular brasileira* de **Heitor Villa-Lobos**, unha obra temperá na que o compositor fusiona a tradición do choro rueiro de Río de Xaneiro coa estrutura da suite europea, nunha música imbuída dunha melancolía claramente carioca, que pulsa entre a danza e a improvisación. Cruzando o Atlántico, afondamos no mundo de **Francisco Tárrega**, considerado o pai da guitarra moderna. O seu célebre *Capricho árabe* é unha mostra de sensualidade e virtuosismo exóticos que evoca o pasado mudéjar, mentres que as súas *Tres mazurkas* revelan o seu lado máis íntimo: breves pezas de salón cheas de romanticismo, delicadeza e profunda expresividade. A ponte cara ao século XX continúa con **Federico Moreno Torroba** e as súas *Pièces caractéristiques*, unha colección de miniaturas que destilan o tradicionalismo e o lirismo do folclore español, con esa linguaxe clara e elegante que tanto fascinou a Andrés Segovia. Finalmente, a *Sonata romántica* do compositor mexicano **Manuel M. Ponce** coroa o programa cunha homenaxe explícita a Schubert, a través desta obra que combina a gran forma clásica coa calidez latinoamericana, esixindo ao intérprete unha gran madurez técnica e expresiva. Un final perfecto para unha noite de pura poesía instrumental..

■ **Álvaro Toscano (guitarra)** :: Guitarrista internacional de renome, Álvaro Toscano gañou o Primeiro Premio e o Premio do Público no Concurso Francisco Tárrega, así como nos concursos Andrés Segovia, Fernando Sor ou Xuventudes Musicais de España. Como solista, actuou con prestixiosas agrupacións como a Orquestra de Radio Televisión Española, a Orquestra de Cámara Sueca, a Real Orquestra Sinfónica de Sevilla ou a Real Filharmonía de Galicia, baixo a dirección de directores como Christian Karlsen, Jordi Francés ou José Luis Temes. A súa carreira internacional inclúe actuacións en salas de renome de Europa, Estados Unidos, América Latina e África, como o King's Place de Londres e o Teatro Monumental de Madrid. O seu álbum *Crystal*, gañador do premio Melómano de Ouro, destaca pola súa singular proposta artística, onde a improvisación constitúe a columna vertebral do discurso musical. A crítica eloxia a súa técnica, que serve a unha profunda visión musical que sitúa a guitarra no corazón da creación en directo.



25/06 21h
AUDITORIO MUNICIPAL

DAVIT KHRIKULI [PIANO]

ARDOR E MELANCOLÍA

PROGRAMA

Frederic Chopin (1810-1849)

Polonaise, op. 44, en fa sostenido menor

Impromptu n.º 3, op. 51, en sol bemol maior

Waltz, op. 42 en la bemol maior

Mazurka, op. 59, n.º 1 en la menor

Scherzo n.º 3, op. 39, en do sostenido menor

Nocturne, op. 62, n.º 1, en si maior

Sonata n.º 3, op. 58, en si menor

I. Allegro maestoso

II. Scherzo. Molto vivace

III. Largo

IV. Finale. Presto non tanto

■ **Sobre o programa** :: O piano solo cobra un protagonismo absoluto co novo prodixio xeorxiano Davit Khrikuli. Tras o seu recente éxito como finalista no prestigioso XVIII Concurso Internacional de Piano Chopin de Varsovia, Khrikuli presenta un monográfico dedicado ao «poeta do piano». Este concerto supón unha exploración da paixón desde a melancolía e a brillantez técnica máis pura, reafirmando o posicionamento do Clasclás como unha plataforma estratéxica para as grandes figuras emerxentes do panorama mundial. Nesta edición, Khrikuli propón unha inmersión total no universo de Frédéric Chopin, un percorrido que transcende a mera execución para afondar na psicoloxía do piano romántico. O concerto comeza cun tapiz de formas que definen o xenio polaco: a maxestade da *Polonesa*, op. 44, a forza volcánica do *Scherzo n.º 3*, o intimismo do *Nocturno*, op. 62, a sutil fluidez do *Impromptu n.º 3* e a elegancia rítmica dos seus valeses e mazurcas. Un recital que esixe unha madurez interpretativa absoluta e que Khrikuli aborda cunha lectura fresca e profunda, poñendo de manifesto a vixencia universal da obra chopiniana. O programa finaliza coa **Sonata n.º 3 en si menor**, composta en 1844, que representa o cume da madurez creativa de Chopin e é considerada unha das obras máis complexas e monumentais do repertorio romántico. A diferenza da súa predecesora (a *Sonata n.º 2*), esta peza presenta unha estrutura máis clásica e orgánica, pero imbuída dunha densidade contrapuntística e un lirismo extraordinarios. É unha composición que esixe do intérprete non só unha técnica e virtuosismo impecable, senón tamén unha gran claridade intelectual para tecer as súas complexas liñas melódicas.

■ **Davit Khrikuli (piano)** :: Nado en Xeorxia en 2001, Davit Khrikuli é un dos pianistas máis destacados da súa xeración. Formado na **Escuela Superior de Música Reina Sofía** de Madrid baixo a tutela de Galina Eguiazarova e Stanislav Ioudenitch, foi recoñecido co Diploma ao alumno máis sobresaliente de mans de Súa Maxestade a Raíña Sofía. Ao longo da súa ascendente carreira, cultivou importantes galardóns, destacando o **Primeiro Premio no Concurso Internacional de Piano de Vigo (2024)**, o Primeiro Premio en Cantù (Italia) e o seu papel como finalista no prestigioso Concurso Chopin de 2025. Actuou como solista con orquestras de renome como a Filharmónica de Xeorxia e a Filharmónica de Israel, consolidándose nos principais escenarios europeos pola súa técnica refinada e a súa profunda madurez artística.



26/06 12h
SALÓN GARCÍA
M A T I N É E

NOELIA RODILES [PIANO]

O UNIVERSO DE FALLA

PROGRAMA

- Manuel de Falla (1876-1946) :: *Serenata andaluza***
Gabriela Ortiz (1964) :: *Su Muy Key, la exótica del mambo*
Jesús Bal y Gay (1905-1993) :: *Hojas de álbum*
Manuel de Falla :: *Nocturno*
Gabriela Ortiz :: *Preludio e estudo n.º 3*
Domenico Scarlatti (1685-1757) :: *Sonata, K 380*
Rosa García Ascot (1902-2002) :: *Petite suite*
Manuel de Falla :: *Fantasia baetica*

■ **Sobre o programa ::** O Clasclás 2026 súmase á celebración internacional do **150.º aniversario do nacemento de Manuel de Falla (1876-2026)**. Para esta efeméride, a pianista Noelia Rodiles deseñou un recital que reconstrúe o cosmos artístico do mestre gaditano, explorando as súas conexións co exilio, a vangarda e a súa profunda pegada na música actual. O programa ofrece unha visión evolutiva da linguaxe de Falla, dende a súa *Serenata andaluza* ata a súa obra cumio, a *Fantasia baetica*, unha das pezas máis esixentes e apaixonadas do piano español. O tributo complétase poñendo en valor a súa herdanza a través de:

- **A Xeración do 27 e o exilio:** coa *Petite suite* de **Rosa García Ascot** (única discípula de Falla) e as *Hojas de álbum* do galego **Jesús Bal y Gay**, nexo esencial co exilio en México.
- **A conexión barroca:** unha sonata de **Domenico Scarlatti**, reflexo da admiración de Falla polo mestre barroco que inspirou a súa etapa neoclasicista.
- **A modernidade americana:** a inclusión das obras de **Gabriela Ortíz** simboliza a vitalidade actual daquela semente plantada no exilio e amosa como a linguaxe de Falla e a vangarda española do 27 se fundiron coa modernidade mexicana para crear un legado que segue vivo e en constante evolución.

■ **Noelia Rodiles (piano) ::** Recoñecida como unha das voces máis sólidas do pianismo español actual, **Noelia Rodiles** destaca pola súa versatilidade, combinando o gran repertorio clásico cun forte compromiso pola música contemporánea e a estrea de obras de autores españois. Actuou en escenarios de prestixio como o **Wigmore Hall de Londres**, o **Auditorio Nacional de Madrid** e o **Palau de la Música de Barcelona**, ademais de colaborar como solista con formacións como a **Orquestra Nacional de España** ou a **Real Filharmonía de Galicia**. A súa discografía máis recente, *Mysterium*, foi aclamada pola crítica especializada.



26/06 21h
AUDITORIO MUNICIPAL

BELLA ADAMOVA [MEZZOSOPRANO]
& **MICHAEL GEES** [PIANO]

PAIXÓN LÍRICA E ESPONTANEIDADE

PROGRAMA

Richard Strauss (1864-1949)

Selección de *Lieder*

Gustav Mahler (1860-1911) :: Rückert-Lieder

Antonín Dvořák (1841-1904) :: Gypsy songs

Catro improvisacións sobre textos seleccionados

■ **Sobre o programa** :: Este recital constitúe un dos puntos de maior calidade interpretativa desta edición, xa que supón unha exploración da 'paixón' dende a súa vertente máis humana e vulnerable, fuxindo do formato tradicional para ofrecer unha experiencia viva e orgánica. Bella Adamova, gañadora do **1.º premio no Concurso Internacional Robert Schumann (2021)**, destaca por unha versatilidade técnica que lle permite abordar dende o oratorio barroco ata a canción contemporánea con absoluta mestría. O programa artículase en dous eixos:

- **O lied como territorio de exploración**: unha viaxe polo corazón do romanticismo e posromanticismo centroeuropeo. Inclúe unha selección lírica de **Richard Strauss** (con pezas como *Morgen* ou *Ruhe meine Seele*), os icónicos *Rückert-Lieder* de **Gustav Mahler** e as *Gypsy songs* de **Antonín Dvořák**.

- **A linguaxe da improvisación**: o elemento diferenciador é a colaboración co pianista Michael Gees. Ambos integran a **improvisación libre** dentro do repertorio clásico, convertendo o concerto nun diálogo espontáneo onde a música se adapta á enerxía do momento, facendo de cada interpretación unha obra **única e irrepitible**. Este concerto reafirma o compromiso do Clasclás coa excelencia, ao traer a Vilagarcía unha proposta que habitualmente só se pode gozar nos grandes ciclos de *lied* de capitais como Berlín ou Viena.

■ **Bella Adamova (mezzosoprano)** :: Dotada dun timbre cálido e unha versatilidade excepcional, destaca no repertorio de *lied* e na escena operística internacional. Premiada en concursos como 's-Hertogenbosch e Robert Schumann, colaborou coa Filarmónica Checa e debutou nos BBC Proms. Xunto a Michael Gees, explora a improvisación e a canción artística en álbums como *Blooming* e *There is Home*. Na tempada 2025-2026 actuou coa Sinfónica de Anveres e a Sinfónica de Praga, consolidándose como unha das voces máis cativadoras e eclécticas da súa xeración.

■ **Michael Gees (piano)** :: Gañou o concurso Steinway en 1961. Mentres realizaba estudos musicais en Salzburgo, Viena, Detmold e Hannover, dedicou o mesmo tempo ao repertorio clásico, á improvisación e á composición. En 2001 fundou o **Consol Theater** co obxectivo de dar espazo ao desenvolvemento da creatividade. Realizou xiras e gravacións tanto na súa faceta de acompañante como na de intérprete de *inventional recitals*, presentándose regularmente nos escenarios máis significativos do mundo. A súa prolongada colaboración con **Christoph Prégardien** inclúe diversas producións discográficas. Gees tamén editou álbums que combinan interpretacións, pezas extemporáneas e as súas propias composicións. Actualmente, traballa en recitais de piano solo que apostan por romper coa tradición e en versións modernizadas do xénero *lied*.



27/06 12h
SALÓN GARCÍA
M A T I N É E

ZOAR ENSEMBLE

- ▶ Joan Ibáñez Briz, flauta
- ▶ David Villa Escribano, óboe
- ▶ Antonio Suárez Saavedra, clarinete
- ▶ Benjamín Iglesias Martínez, trompa
- ▶ Álex Salgueiro García, fagot

PAIXÓN POLA CREACIÓN

PROGRAMA

Thierry Escaich (1965)

Trois instants fugitifs (1994)

- I. Instant 1
- II. Instant 2
- III. Instant 3

César Franck (1822-1890)

Prelude, fugue et variation, op. 18

Fernando Buide del Real (1980)

Mesetas (2020)

Carl Nielsen (1865-1931)

Quinteto para viento, op. 43

- I. Allegro ben moderato
- II. Menuet
- III. Prelude. Adagio/ Theme and variations.
Un poco andantino

- **Sobre o programa** :: O Zoar Ensemble representa o vínculo directo entre a gran formación sinfónica e a excelencia da música de cámara. Composto por destacados solistas de vento da **Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG)**, este quinteto é un referente pola súa calidade técnica e o seu firme compromiso coa difusión do repertorio contemporáneo e a creación galega. A súa participación reforza o concepto de orquestra residente e amosa a versatilidade dos seus membros fóra do gran formato sinfónico nun programa que equilibra a tradición europea coa vangarda do noso país:

- **A beleza do efímero**: *Trois instants fugitifs* de **Thierry Escaich**. Nesta vibrante peza o tempo convértese nunha sucesión de chispazos musicais que aparecen e desaparecen ante os nosos oídos. Unha viaxe vertixinosa onde os cinco instrumentos do quinteto de vento se entrelazan nun diálogo áxil e brillante, capturando a esencia máis pura do fugaz.
- **Vangarda galega**: a inclusión de *Mesetas* (2020) destaca o apoio do festival á creación de **Fernando Buide del Real**, un dos nosos compositores máis internacionais, quen ofrece unha partitura de gran densidade sonora e texturas fascinantes.
- **Espiritualidade romántica**: o *Prélude, fugue et variation*, op. 18 de **César Franck** é unha peza cargada de lirismo que amosa a capacidade do grupo para crear atmosferas íntimas.
- **O gran repertorio**: o *Quinteto de vento*, op. 43 de **Carl Nielsen** é unha obra fundamental que esixe un virtuosismo individual e colectivo ao alcance de moi poucas formacións.

- **Zoar** é un quinteto de vento activo desde 2009, caracterizado pola orixinalidade dos seus proxectos, o compromiso coa creación contemporánea, a colaboración con outros artistas e o labor pedagóxico. Traballou con figuras como Manuel Rivas ou Paquito d'Rivera e estreou obras de numerosos compositores. Destaca por recuperar repertorio esquecido e realizar arranxos propios. Actuou en importantes escenarios de Galicia e noutras rexións de España e Portugal, e foi finalista dos Premios Martín Códax en 2016. Publicou tres discos: *No vento* (2016), *García-Picos* (2017) e *Iberia* (2024).



27/06 21h
AUDITORIO MUNICIPAL

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

PAIXÓN CÓSMICA. O CONCERTO DA ECLIPSE

- ▶ **José Francisco Salgado**, realización audiovisual
- ▶ **José Trigueros**, director

PROGRAMA

Richard Strauss (1864-1949)

Así habló Zarathustra (introducción)

Joaquín Rodrigo (1901-1999)

A la busca del más allá

Antonín Dvořák (1841-1904)

*Allegro con fuoco, da Sinfonía n.º 9 en mi menor
'Do novo mundo', op. 95*

Claude Debussy (1862-1918)

Claro de lúa (arr. Caplet)

John Estacio (1966)

Solaris

Maurice Ravel (1875-1937)

Bolero (arr. Di Vittorio)

- **Sobre o programa (experiencia inmersiva)** :: O peche da IX edición do Clasclás supón o proxecto máis ambicioso na historia do festival. Baixo a dirección de José Trigueros, a OSG protagonizará unha experiencia inmersiva deseñada para conmemorar a eclipse solar de 2026, fusionando música, ciencia e tecnoloxía nunha posta en escena atmosférica única. Para recrear o fenómeno, o concerto realizarase en penumbra total, coa orquestra iluminada exclusivamente polas lámpadas dos atrás. Esta atmosfera permitirá ao público unha concentración absoluta mentres se proxectan imaxes e simulacións científicas da eclipse sincronizadas coa música. A dimensión visual do concerto corre a cargo do **Dr. José Francisco Salgado**, astrónomo e artista colaborador da NASA, cuxas producións multimedia fusionan a beleza da ciencia coa épica da música. As súas obras, aclamadas en escenarios de todo o mundo, converterán o Auditorio nun observatorio inmersivo onde cada nota se transforma en luz estelar.

- **O espertar do cosmos:** poucas obras posúen a forza de ***Así falou Zarathustra*** de Strauss. O seu inicio, *O Amencer*, simboliza o nacemento da luz sobre o caos. Co seu icónico toque de trompetas e o tronar do órgano, é a música perfecta para rachar a escuridade dunha eclipse, tal como fixo en *2001: Odisea no espazo*.
- **Misticismo espacial:** ***A la busca del más allá*** de Joaquín Rodrigo é unha creación metafísica que mergulla ao mestre nunha linguaxe impresionista. Encargada pola Sinfónica de Houston, Rodrigo dedicouna aos astronautas da NASA, concibindo o espazo non como un baleiro, senón como un camiño espiritual cara ao descoñecido.
- **Rumbos ao Novo Mundo:** o Allegro con fuoco da ***Sinfonía n.º 9*** de Dvořák define a aventura de descubrir o descoñecido. Composta en Estados Unidos, evoca a enerxía dun mundo novo. Neil Armstrong escolleu esta música para a misión do Apollo 11, converténdoa no himno da expansión humana cara ás estrelas.
- **O reflexo na escuridade:** o ***Claro de lúa*** de Debussy é unha paisaxe emocional que nos convida a deter o tempo. Na penumbra do noso concerto, estas notas funcionan como o raio de luz que atravesa a escuridade, lembrándonos que a harmonía sempre brilla no baleiro profundo.

- **Magnetismo solar:** *Solaris*, de John Estacio, captura a enerxía das tormentas solares nunha explosión de cor e ritmo. Fronte á calma da lúa, Estacio presenta un espazo vibrante onde o sol, protagonista da eclipse, amosa o seu rostro máis indomable e poderoso.
- **O retorno da luz:** concluímos co *Bolero* de Ravel, un prodixio de precisión que nace dun murmurio ata converterse nunha forza imparabile. Simboliza o fin da escuridade: o momento no que a lúa se retira e o sol regresa con toda a súa gloria. Un estoupido final que celebra a vida volvendo brillar tras a eclipse.

■ **José Trigueros (director)** : Director Asociado da Orquestra Sinfónica de Galicia desde 2019, **José Trigueros** iniciou a súa carreira como instrumentista antes de formarse en dirección de orquestra nos conservatorios de Valencia, Ámsterdam e Bruxelas. Dirixiu as principais formacións españolas, como a **Orquestra Nacional de España**, a **Orquestra de RTVE** ou a Sinfónica de Castela e León, e colaborou con solistas de renome internacional como Simon Trpčeski ou Mahan Esfahani. Na súa traxectoria destaca o seu paso pola **Tonhalle Orchester Zürich** baixo a tutela de David Zinman e o seu labor como asistente de mestres como Alberto Zedda e Pablo Heras-Casado.



CLASCLÁS A PÉ DE RÚA

A maxia do Clasclás non nace nos escenarios, senón que agroma nas rúas de Vilagarcía. As primeiras notas que anuncian o festival teñen o selo do noso alumnado do Conservatorio Profesional e da Escola Municipal de Música, os auténticos embaixadores que fan de ponte entre a aprendizaxe e a mestría. Este programa é o escaparate da ilusión: unha oportunidade para que a poboación sexa partícipe do esforzo académico do curso, transformando prazas, recunchos e a emblemática Igrexa de Vistalegre en escenarios vivos. Nesta IX edición estreárase unha Big Band do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa, que nace como unha proposta formativa dirixida ao estudiantado de Grao Profesional, coa finalidade de ampliar os seus horizontes musicais e achegalos a estilos menos presentes no currículo tradicional, como o jazz, o blues, o funk, ou a música latina.

- ▶ **Sábado 13 de xuño ao mediodía**
 - Praza de Ravella: agrupacións da **Escola Municipal de Música**
 - Praza de Galicia: **Clasclás Big Band** [estrea absoluta]
- ▶ **Sábado 13 de xuño ás 20 h**
 - Igrexa de Vistalegre, alumnado da **Escola Municipal e Conservatorio Profesional de Música**
- ▶ **Domingo 14 de xuño ás 12 h**
 - Igrexa de Vistalegre, alumnado da **Escola Municipal e Conservatorio Profesional de Música**



CLASCLÁS SOCIAL


*A paixón non reside só na nota perfecta,
senón na man estendida a través da música.*

O Programa Social é o corazón humano do **Clasclás**. Eleva o festival de evento maiormente artístico a ser un axente de transformación social, transcendendo a súa dimensión puramente artística para entender a excelencia musical non como un privilexio, senón como unha ferramenta de benestar, inclusión e encontro.

Por iso, o programa social é un dos tres piares fundamentais desta edición, coa vontade de que a **PAIXÓN** da música chegue a todos os estratos da sociedade de Vilagarcía.

Esta rede de colaboración reúne entidades e colectivos de ámbitos moi diversos: desde a atención ás persoas maiores e á diversidade funcional ata a rehabilitación sociosanitaria ou o apoio a colectivos minoritarios. Unha alianza que nace da convicción de que todas as persoas temos cabida neste proxecto e de que todas e todos formamos parte dunha mesma comunidade.

As accións do Programa Social desenvólvense a través de diferentes iniciativas (microconcertos terapéuticos e un concerto aberto e inclusivo) deseñadas para achegar a música a todas as persoas e convertela nunha experiencia compartida de benestar.



ORGANIZADO POR



COLABORA




COLABORA



COLABORA



COLABORA



+info e entradas

